

Obrigas do empresario ante o tratamento dos datos persoais do traballador

*Obligations of the employer regarding the treatment
of the personal data of the worker*



MANUELA DEL PILAR SANTOS PITA

Profesora contratada doutora de Dereito Administrativo da Universidade da Coruña

Resumo

As empresas no seu traballo diario utilizan os datos das persoas que entran en relación con elas, tal é o caso dos traballadores, provedores, clientes etc. A almacenaxe e posterior tratamento deses datos aparece como un elemento de grande axuda e imprescindible para cumprir os obxectivos perseguidos ao achegaren unha maior comodidade, unha simplificación dos procesos e unha información inestimable, de tal xeito que lles axuda a lograr un maior éxito nos seus obxectivos e lles facilita o desenvolvemento das funcións que lles son propias; ora ben, por veces tales beneficios poden carrexar un risco para a intimidade das persoas. Faise precisa por iso unha protección que veña constituír un elemento de seguridade, protección esta que ten que vir dada desde receitas de carácter xurídico-legal. Con este artigo preténdese dar a coñecer os elementos esenciais desa protección tal e como aparecen reflectidos no noso ordenamento xurídico. Recolle a normativa básica, unha relación significativa e exhaustiva de situacións, principios e dereitos. Trátase de abordar aqueles aspectos xerais que poidan resultar de utilidade para quen espera unha aproximación ao marco legal actual da protección dos datos de carácter persoal en España.

Palabras chave: protección de datos, dereito á intimidade, traballadores.

Abstract

Companies in their daily work use personal details of the people that enter into relationship with them –whether this be workers, suppliers, clients etc. The storage of such data comes to constitute an element of great assistance which allows greater convenience and simplification of the processes, helping them to greater success in their objectives and the carrying out of their normal functions. Sometimes, however, such benefits can also suppose risks to the intimacy of people. It is, therefore, necessary to have protection as a means of security, a protection which must proceed from legal sources. In this article we hope to highlight the essential legal features that companies will have to observe in their relationships. We include the basic norms along with a significant and exhaustive relationship of situations, principles and rights. We attempt to discuss general aspects that might be of use for anyone who might seek an approach to the current legal framework of the protection of personal data in Spain.

Keywords: data protection, right to privacy, workers.

1. Introducción

As empresas no seu traballo diario utilizan algúns datos persoais das persoas que entran en relación con elas –xa sexa traballadores, provedores, clientes etc. A almacenaxe dos datos vén constituír un elemento de grande axuda ao permitir unha maior comodidade e simplificación dos procesos. Esta información de que dispoñen as empresas faise moi necesaria co fin de estas poderen acadar con maior éxito os seus obxectivos e desenvolver as súas funcións, mais diso acaba derivándose un risco para os datos contidos nelas e, consecuentemente, un risco para a intimidade das persoas titulares deses datos. Necesítase así unha protección, que vén constituír un elemento de seguridade tal que se deriva das prescricións legais. Con este artigo preténdese dar a coñecer os elementos legais esenciais que terán que observar as empresas nas súas relacións. Nin que dicir ten que a norma recolle unha importante e exhaustiva relación de situacións, principios e dereitos. Simplemente tratamos de falar de aspectos xerais que poidan resultar de utilidade para quen pretenda unha aproximación ao marco legal actual da protección dos datos de carácter persoal en España.

2. A Lei orgánica de protección de datos de carácter persoal

2.1. Obxectivos da norma

A Constitución española (CE) proclama no seu artigo 18 o dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, e faino dentro do marco dos dereitos fundamentais e as liberdades públicas. Ao abeiro deste precepto constitucional nace a Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal (LOPD) que vén substituír a antiga Lei orgánica 5/1992, de 29 de outubro, de regulación do tratamento automatizado dos datos de carácter persoal (LORTAD, vixente até o 14 de xaneiro de 2000), así como o Decreto 994/1999, de medidas de seguridade.

O obxecto perseguido pola antiga LORTAD, en desenvolvemento do xa citado artigo 18 da CE, era limitar o uso da informática e outras técnicas e medios de tratamento automatizado dos datos de carácter persoal para garantir o honor, a intimidade persoal e familiar das persoas físicas e o pleno exercicio dos seus dereitos.

A nova norma recolle un obxecto máis amplo e redactado dunha forma quizais máis vaga, ao dicir que ten por tal garantir e protexer, no que fai ao tratamento dos datos persoais, as liberdades públicas e os dereitos fundamentais das persoas físicas, e especialmente o seu honor e a súa intimidade persoal e familiar Tal redacción vén dar

resposta a todas aquelas situacións en que a conculcación do dereito á protección de datos vén dada a través daqueles que reciben un tratamento que non é automatizado. Non hai que esquecer que no seo das empresas é moi común a almacenaxe de datos en soporte papel –tal é o caso de recibos, nóminas, albarás... Precisamente esta nova e máis xeral redacción obedece a unha finalidade máis garantista para as persoas titulares do dereito.

2.2. Ámbito de actuación

Como era de agardar, a norma intenta abranguer un amplo campo de protección e faino ao proclamar a súa aplicación a todos aqueles datos de carácter persoal que aparezan rexistrados nun soporte físico que os faga susceptibles dun tratamento, así como a calquera modalidade de uso posterior deses datos. Fala a Lei do uso dos datos de carácter persoal tanto no sector público como no privado e, por tanto, o uso e tratamento dos datos de carácter persoal polas administracións públicas vense afectados pola norma da mesma maneira que aquel que se fai desde o sector privado.

Ora ben, ademais, facíase necesario –dado o proceso de globalización mundial e a enorme incidencia das modernas tecnoloxías da comunicación– que a Lei contemplase o tratamento dos datos persoais en situacións que teñen lugar desde outros países de dentro ou fóra da Unión Europea e afecta aos cidadáns españois. Así, na epígrafe 1 do artigo 2 recóllese o seguinte:

«Rexerase por esta lei orgánica todo tratamento de datos de carácter persoal:

- a. Cando o tratamento for efectuado en territorio español no marco das actividades dun establecemento do responsable do tratamento.
- b. Cando ao responsable do tratamento que non estea establecido en territorio español lle sexa de aplicación a lexislación española en aplicación de normas de dereito internacional público.
- c. Cando o responsable do tratamento non estea establecido en territorio da Unión Europea e utilice no tratamento de datos medios situados en territorio español, non sendo que tales medios se empreguen unicamente con fins de tránsito.»

Como se desprende do texto, quedan baixo o ámbito de protección da norma aqueles aos que, sendo responsables do tratamento –mesmo sen estar en territorio español–, teña que aplicárselles a lei española de acordo co previsto en normas internacionais.

Mais tamén se verán suxeitos á LOPD aqueles responsables do tratamento de datos que, malia non estaren establecidos en territorio da Unión Europea, se sirvan de medios que si estean en territorio español, non sendo que a finalidade destes medios sexa unicamente servir de tránsito. A redacción da norma, malia a súa claridade, préstase a interpretacións, por canto por veces non é doado determinarmos que situación é de tránsito e cal non o é.

Doutra parte, da mesma maneira que a norma recolle o ámbito de aplicación, tamén alude a aquelas situacións que se consideran excluídas, e en primeiro lugar cita os ficheiros mantidos por persoas físicas no exercicio de actividades exclusivamente persoais ou domésticas; así pois, todo o que teña que ver con aqueles datos que se manexan dentro do ámbito exclusivamente persoal. Queda tamén fóra da aplicación o relativo a materias que, porque así vén recollido en normas específicas, sexan consideradas clasificadas, ás cales se lles outorga un sistema de protección especial, dicindo: «O réxime de protección dos datos de carácter persoal que se establece nesta lei orgánica non será de aplicación (...) aos ficheiros sometidos á normativa sobre protección de materias clasificadas». Tal é o caso daquelas situacións consideradas na Lei de segredos oficiais. Para finalizar, e en último lugar, exclúe os ficheiros establecidos para a investigación do terrorismo e de formas graves de delincuencia organizada. Con todo, a pesar diso, a Axencia Española de Protección de Datos terá constancia das características xerais e finalidade ao recoller a obriga do responsable do ficheiro de comunicar tales circunstancias¹.

2.3. Delimitación conceptual

Como queda dito o obxecto de protección da norma son os datos de carácter persoal, e para iso comeza no seu artigo 3 dicindo: «Dato de carácter persoal: calquera información concernente a persoas físicas identificadas ou identificables». Xa que logo, os

¹ Deixa tamén a norma fóra do seu ámbito de aplicación, remitíndose á normativa específica:

- a. Os ficheiros regulados pola lexislación de réxime electoral.
- b. Os que sirvan a fins exclusivamente estatísticos, e estean amparados pola lexislación estatal ou autonómica sobre a función estatística pública.
- c. Os que teñan por obxecto a almacenaxe dos datos contidos nos informes persoais de cualificación a que se refire a lexislación do réxime do persoal das Forzas Armadas.
- d. Os derivados do Rexistro Civil e do Rexistro Central de penados e rebeldes.
- e. Os procedentes de imaxes e sons obtidos mediante a utilización de videocámaras polas Forzas e Corpos de Seguridade, de conformidade coa lexislación sobre a materia.

datos teñen que referirse á información concernente a persoas físicas, quedan fóra do marco legal aqueles datos que fan alusión a entidades ou persoas xurídicas. Ademais, recolle expresamente a necesidade de que a persoa física estea identificada ou sexa identificable, susceptible de identificación.

Con todo, un dos conceptos máis salienta e que merece unha mención especial é o que diferencia o responsable do ficheiro², que pode ser tanto unha persoa física como unha persoa xurídica, podendo ser a súa natureza tanto de carácter público como privado –e incluso un órgano administrativo–, que decida sobre a finalidade, o contido e o uso do tratamento. O encargado do tratamento³ é en cambio aquela persoa física ou xurídica –autoridade pública, servizo ou calquera outro organismo– que, só ou conxuntamente con outros, trate datos persoais por conta do responsable do tratamento. Pois ben, no campo da empresa e da responsabilidade que puidese derivarse do uso indebido dos datos de carácter persoal faise, por tanto, moi necesario diferenciar as dúas figuras, cuxa existencia na redacción dada polo lexislador non obriga directamente a que permanezan separadas, podendo ser o propio responsable do ficheiro o que se ocupe do seu tratamento, aínda que naquelas empresas en que o número de traballadores é elevado é lóxico pensar que quen trata os datos non é necesariamente o responsable do ficheiro, tendo en conta o teor literal da norma que fai alusión á decisión «sobre a finalidade, o contido e o uso dos datos».

Entre as definicións ofrecidas pola norma cómpre tamén destacarmos a que alude ao consentimento da persoa interesada, de que logo falaremos. Este consentimento consiste nunha manifestación ou declaración feita polo titular dos datos a través de que se permite ou consente a utilización deses datos que lle concirnen e que teñen carácter persoal. Alén disto, o consentimento ten que ser ante todo informado e informado de tal xeito que non dea lugar a equivocacións, o que leva a que a manifestación de vontade se preste de forma libre, inequívoca e específica. É precisamente a especificidade do consentimento o que evita que se empreguen datos innecesarios para o fin a que se destinasen e que poderían ser utilizados con outras finalidades.

² Entendéndose por tal «todo o conxunto organizado de datos de carácter persoal, calquera que for a forma ou modalidade da súa creación, almacenaxe, organización e acceso».

³ Tratamento: operacións e procedementos técnicos de carácter automatizado ou non, que permitan a recollida, gravación, conservación, elaboración, modificación, bloqueo e cancelación, así como as cesións de datos que resulten de comunicacións, consultas, interconexións e transferencias.

Igualmente, salienta que as definicións recollidas na Lei orgánica consideran unha situación moi común e que adoita dar lugar a unha enorme casuística, como é a cesión deses datos a terceiras persoas, entendéndose por tal calquera revelación deses datos a unha persoa diferente do seu titular. Para tal fin poderíamos traer a colación os diferentes casos de contratacións e subcontratacións entre empresas en que a trasfega de datos é habitual e a través de que se poden producir serios e graves incumprimentos normativos, co conseguinte prexuízo para os titulares do dereito.

E, para finalizarmos, diremos que a última definición recollida no repetido artigo 3 da norma dá solución a moi variadas cuestións que se suscitan ao abeiro da súa aplicación, isto é, o concepto de fonte accesible ao público. A LOPD recolle como tal aqueles ficheiros cuxa consulta pode ser realizada por calquera persoa e non está impedida por unha norma limitativa, ou pode facerse sen máis esixencia que, se é o caso, o aboamento dunha contraprestación. Teñen a consideración de fontes de acceso público, exclusivamente, o censo promocional, os repertorios telefónicos nos termos previstos pola súa normativa específica e as listaxes de persoas pertencentes a grupos de profesionais que conteñan unicamente os datos de nome, título, profesión, actividade, grao académico, dirección e indicación da súa pertenza ao grupo. Así mesmo, teñen o carácter de fontes de acceso público os diarios e boletíns oficiais e os medios de comunicación. A comprensión do texto legal lévanos a contestar moitas cuestións relativas á utilización de determinados medios –como ocorre coas páxinas web, taboleiros de anuncios, portais da internet de acceso público, calquera medio de comunicación...– con finalidades de todo punto antixurídicas, ou que aínda tendo finalidades amparadas polo dereito non se ven protexidas polo ámbito de actuación da norma.

A publicación de datos, xa sexa de traballadores ou de terceiras persoas alleas á empresa, mais que entran en contacto con ela, soamente poderá realizarse co consentimento destas, non sendo que poidan subsumirse nos supostos que a norma considera.

3. O respecto dos principios recollidos na norma

3.1. Obrigas dos empresarios

Todas as empresas, tanto de carácter público como privado, que garden ficheiros en papel ou calquera outro soporte magnético de información relativa a persoas físicas, vense obrigadas e amparadas pola LOPD e iso sen excepción e independentemente do seu tamaño.

Ora ben, poderíamos pensar a que persoas físicas outorga protección a norma con respecto á obriga da empresa, e quizais pensemos nos traballadores; mais non son apenas os empregados os que se ven favorecidos polo marco legal, senón que esa obriga por parte do empresario ten que estenderse a outras persoas físicas que entren en contacto ou garden relación coa empresa, tales como provedores, clientes... É precisamente a figura do cliente a máis vulnerable para os efectos do tratamento dos seus datos persoais. Para alén, podemos pensar en situacións en que a empresa cede os datos a un terceiro para a prestación dun determinado servizo ou a realización dun traballo ou unha obra determinada. O conflito aparece cando se causa o dano e ese dano ten que se lle imputar a alguén. O coñecemento do léxico utilizado pola norma e das definicións nelas recollidas, a que acabamos de facer alusión, lévanos a dar solución a numerosas cuestións.

3.2. Principios de actuación. Especial referencia á calidade dos datos

O principio de calidade dos datos aparece ligado ao de proporcionalidade como un dos principios xerais da Lei 15/1999, que esixe con eles que os devanditos datos sexan axeitados á finalidade que motiva a súa recollida. Así pois esta recollida deberá vir dada pola seu sometemento a tales principios.

O Tribunal Constitucional (TC) quixo delimitar conceptualmente o dereito recollido na norma e fíxoo na Sentenza 292/2000, de 30 de novembro, en que o denomina como un dereito de autodeterminación informativa ou de libre dispoñibilidade dos datos de carácter persoal. Trátase, pois, de lle garantir á persoa o poder de control sobre os seus datos persoais, sobre o seu uso e destino, co propósito de impedir o tráfico ilícito e lesivo destes para a súa dignidade e dereito. Nela dise, ademais, que o obxecto de protección do dereito fundamental á protección de datos non se reduce só aos datos íntimos da persoa, senón a calquera tipo de dato persoal, sexa ou non íntimo, cuxo coñecemento ou emprego por terceiros poida afectar aos seus dereitos, sexan ou non fundamentais.

É unha aclaración moi importante esta que fai o TC ao dicir que a LOPD non ten como obxecto exclusivamente a intimidade persoal, para o que xa está o primeiro parágrafo do artigo 18, senón a protección dese tipo de datos. Concreta ademais que o dereito comprende a facultade de consentir a recollida, a obtención e o acceso aos datos persoais, así como os seus posteriores almacenaxe e tratamento, e mesmo o seu posible uso por un terceiro, xa sexa o Estado ou un particular. Como complemento a tales dereitos o alto tribunal fai referencia á facultade de saber en todo momento quen dispón deses datos persoais e a que uso os está a someter, e ao poder de oporse a esa posesión e uso.

Dentro dese principio de calidade dos datos entran unha serie de limitacións recollidas no artigo 4⁴, en que encontramos unha manifestación da enorme importancia que a norma lle dá ao cumprimento da finalidade a que están destinadas a recollida e almacenaxe de datos⁵. A xurisprudencia dos tribunais foi e é clara neste sentido, e así a Sentenza de 9 de marzo de 2001 da Sala do Contencioso-Administrativo da Audiencia Nacional recolle: «Un dos principios que inspira a lexislación sobre tratamento automatizado de datos de carácter persoal é o da calidade dos datos. Este principio implica, entre outras cousas, que os datos sexan necesarios e pertinentes para a finalidade para a cal fosen solicitados ou rexistrados (art. 4.5 da LO 5/1992) e que sexan exactos e completos (art. 4.4 da LO 5/1992). Por tanto, se os datos deixaron de ser necesarios para os fins para os cales foron solicitados ou rexistrados, ou resultan inexactos, debe procederse (...) á súa cancelación, sen necesidade de solicitude do afectado. E así se infire do propio teor literal dos artigos 4.4 e 4.5 da LO 5/1992, que utiliza a expresión imperativa “serán cancelada” sen condicionar á existencia dunha solicitude previa do afectado». En suma, a norma establece a obriga do responsable do ficheiro de proceder de oficio e coa debida dilixencia a cancelar os datos inexactos ou que deixaron de ser necesarios para a finalidade do ficheiro e sen necesidade de solicitude previa da persoa afectada.

3.3 O deber de gardar o segredo e a utilización dos datos por terceiras persoas

Para a norma, o responsable do ficheiro, isto é, a persoa a quen corresponde tomar as decisións, así como os encargados do tratamento dos datos de carácter persoal, están obrigados a gardar o segredo persoal sobre eles, un deber ese que se estende tamén á obriga de gardalos. Tales deberes non se limitan ao momento do contacto ou ao tempo que dure a relación de traballo, senón que van máis alá, de tal xeito que os datos coñecidos como consecuencia dese manexo ou tratamento subsistirán aínda despois de extinguida a relación entre o titular dos datos e o encargado ou o responsable do tratamento.

⁴ Os datos de carácter persoal só poderán recollese para o seu tratamento, así como seren sometidos ao devandito tratamento, cando sexan axeitados e pertinentes, e non resulten excesivos en relación co ámbito e as finalidades determinadas, explícitas e lexítimas para as cales se obteñan.

⁵ Neste sentido, véxase a Sentenza de 6 de xullo de 2001 da Sala do Contencioso-Administrativo da Audiencia Nacional.

Continuando coas situacións recollidas pola norma, temos que dicir que nas diferentes relacións xurídicas en que se manexan datos persoais é moi habitual que esa información, como xa mencionamos, sexa cedida a terceiras persoas, ou que dalgunha maneira interveñan no seu tratamento terceiras persoas. Para iso, para dar protección a estas situacións, a norma recolle exhaustivamente unha serie de preceptos. Desta maneira, o artigo 11 recolle expresamente a figura da cesión de datos e faino ao dicir: «Os datos de carácter persoal obxecto do tratamento só poderán ser comunicados a un terceiro para o cumprimento de fins directamente relacionados coas funcións lexítimas do cedente e do cesionario co consentimento previo do interesado». Non cumprirá o consentimento:

«a. Cando a cesión está autorizada nunha lei.

b. Cando se trate de datos recollidos de fontes accesibles ao público.

c. Cando o tratamento responda á libre e lexítima aceptación dunha relación xurídica cuxo desenvolvemento, cumprimento e control implique necesariamente a conexión do devandito tratamento con ficheiros de terceiros. Neste caso a comunicación só será lexítima en canto se limite á finalidade que a xustifique.

d. Cando a comunicación que deba efectuarse teña por destinatario o Defensor do Pobo, o Ministerio Fiscal ou os xuíces ou tribunais ou o Tribunal de Contas, no exercicio das funcións que ten atribuídas. Tampouco será preciso o consentimento cando a comunicación teña como destinatarias institucións autonómicas con funcións análogas ao Defensor do Pobo ou ao Tribunal de Contas.

e. Cando a cesión se produza entre administracións públicas e teña por obxecto o tratamento posterior dos datos con fins históricos, estatísticos ou científicos.

f. Cando a cesión de datos de carácter persoal relativos á saúde sexa necesaria para solucionar unha urxencia que requira acceder a un ficheiro ou para realizar os estudos epidemiolóxicos nos termos establecidos na lexislación sobre sanidade estatal ou autonómica.»

O primeiro dos supostos de exclusión á prestación do consentimento recollido pola norma –o caso de cesión de datos contemplados nunha lei– é quizais o máis habitual na casuística das relacións de traballo. Mais é tamén habitual a situación de prestación dun consentimento que responde á aceptación de forma libre e, tal e como recolle o teor literal do precepto, lexítima das condicións dunha relación xurídica en que se atopen inmersos o responsable do ficheiro e o titular dos datos.

Considérase ademais a posibilidade de revogación do consentimento, así como a figura da do consentimento na comunicación deses datos a un terceiro, sempre que esa información non lle permita ao interesado coñecer a finalidade para a cal van ser destinados os datos cuxa autorización se comunica, e mesmo o tipo de actividade que realiza o cesionario de tal información. Cando a información é accesible a terceiras persoas como consecuencia da prestación dun servizo ao responsable do tratamento, non podemos entender tal feito como comunicación de datos. Nestas situacións de acceso de datos por conta de terceiros é preciso que a relación estea documentada nun contrato que permita acreditar o seu establecemento e contido, en que deben constar para alén as medidas de seguridade que o encargado do tratamento está obrigado a implantar. Ora ben, se esta persoa os destinase a unha finalidade diferente daquela para a que se recolleran, ou incumprise dalgunha maneira o pactado no contrato, pasará a ser considerado tamén como responsable e estará así suxeito ás responsabilidades que da súa actuación puideren derivarse. Pois ben, en primeiro lugar, unha vez que estudados, avaliados e clasificados os datos persoais obrantes nos ficheiros, estes deben remitirse para a súa inscrición ao Rexistro da Axencia Española de Protección de Datos.

Faise precisa a elaboración do chamado pola norma «documento de seguridade», que terá que facerse para cada un dos ficheiros que conteñan datos de carácter persoal, estendéndose a obriga ao responsable de seguridade, os usuarios, mecanismos de seguridade, procedementos, normas e estándares etc.

A norma prevé a obriga de implantar unha serie de medidas de seguridade tanto técnicas como organizativas e xurídicas. Ademais teñen que se estudar todos os casos de cesión e acceso aos datos por conta de terceiras persoas, e iso co fin de se adaptar ás esixencias procedimentais que aparecen recollidas na propia norma para o que se entende como cesión de datos: aquelas situacións en que se produce unha comunicación de datos a calquera persoa diferente da interesada. No desenvolvemento habitual da actividade empresarial é sabido que por veces se fai necesario comunicar datos de traballadores como consecuencia do funcionamento normal da empresa; nestas situacións, a norma non esixe un consentimento expreso por parte do traballador, mais en cambio si se esixe a formalización dun contrato a través de que o terceiro que accede á información se compromete a garantir o cumprimento da Lei da mesma maneira e nos mesmos termos que ten que facelo o titular dos datos. É obriga tamén da empresa garantir o dereito á información no acto de recollida dos datos persoais do traballador e demais persoas protexidas polo marco legal –tal e como comentamos máis arriba–, así como proporcionarlle información sobre os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición (coñecidos como ARCO).

4. Especial referencia ao Regulamento de desenvolvemento da Lei de protección de datos

O Regulamento da Lei de protección de datos veu provocar unha grande axitación no ámbito empresarial, que fai precisa unha maior concienciación dos responsables. Non supón un endurecemento da Lei; no entanto, si fai máis estrita a súa aplicación. Facíase necesaria a existencia dunha norma que desenvolvese os contidos da Lei por canto esta non daba solución a moi diferentes situacións que constituían claros baleiros legais polo seu carácter abstracto e a súa redacción demasiado xeral e, por veces, ambigua. Con esta norma de desenvolvemento conséguense aclarar aspectos até entón de dubidosa resolución.

O novo regulamento desenvolve a actual Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro, oito anos despois da súa publicación, e aclara algúns puntos chave. Unha das principais novidades é a inclusión dos ficheiros en soporte papel como susceptibles de protección. O obxectivo é compatibilizar as medidas de seguridade entre os ficheiros telemáticos e os de papel, homoxeneizando o seu tratamento, unha tarefa para a cal se recomenda que as empresas se doten de ferramentas e capital humano especializado na protección de datos. Faise precisa unha boa xestión dos documentos. Mais iso non tira que a existencia da norma de desenvolvemento implica a necesidade dun exhaustivo traballo por parte das empresas, que deberán ter localizados todos os seus arquivos en soporte papel, esixíndose, ademais, a custodia da información que conteñan os documentos en papel dentro da compañía en todos os procesos polos que poida pasar.

Doutra parte, coa entrada en vigor deste regulamento concédeselles unha especial importancia aos dereitos de acceso, rectificación, consentimento e oposición (ARCO), ao se lle outorgar á cidadanía unha maior capacidade de control sobre os seus datos que, inevitablemente, pode desembocar en innumerables reclamacións por parte dos titulares. Para iso fai unha relación moito máis detallada do deber de información, así como da figura do consentimento, cunha clara alusión á forma en que unha empresa pode conservar os datos cando foi subcontratada por outra. Insístese, da mesma maneira, na obrigatoriedade de realizar controis internos coa finalidade de lle proporcionar un maior control aos ficheiros máis sensibles almacenados en soporte papel.

Pois ben, pódese dicir que malia que o regulamento afecta a todos os sectores, hai empresas para as cales a incidencia é moito maior. Desta forma, as entidades bancarias, debido á enorme cantidade de datos de clientes que manexan e ao elevado número de sucursais, teñen que prestar unha especial atención ás esixencias legais. Destacan tamén as empresas de telefonía, entidades aseguradoras, empresas farmacéuticas

e, en xeral, o sector servizos, onde o maior interese se centra na captación de clientes, así como aquelas dedicadas á mercadotecnia e á prospección comercial.

5. Conclusións

Sendo certo que a entrada en vigor do Regulamento que desenvolve a Lei orgánica de protección de datos comportou a solución a numerosos problemas derivados da aplicación dunha norma redactada cunha vocación de xeneralidade, non o é menos que a casuística é tan numerosa que por veces se fai necesario un importante labor de hermenéutica destinado a axudar a dar solución aos problemas con que se enfrontan as empresas derivados do tratamento dos datos de carácter persoal.

A protección de datos de carácter persoal aparece configurada como un dereito fundamental e non unha simple manifestación do dereito á intimidade do artigo 18 da Constitución española. Por tanto, como tal dereito fundamental ten que ser tratado e respectado. A obriga das empresas está claramente detallada no articulado do documento legal, mais a maior dificultade da súa aplicación vén dada pola necesaria aplicación de medios técnicos de que por veces non se dispón, ben por descoñecemento, ben polo elevado custo que comportan. Faise precisa, pois, unha maior información anexa non xa soamente dos dereitos de quen é titular de datos de carácter persoal, mais daqueles que están obrigados por razón do seu cargo ou da súa profesión a tratar e manexar eses datos. Maior información, daquela, e unha mellor formación cun maior coñecemento dos sistemas e mecanismos de seguridade dos datos. O cumprimento das normas sobre protección de datos, xa sexan derivadas de instrumentos xurídicos internacionais, estatais ou autonómicos –alí onde se desenvolvan– ten que vir dado desde o coñecemento e o entendemento do que esas mesmas normas prescriben.